

XX TRIATLON CIDADE DE FERROL CPTO XUNTA DE GALICIA DE TRIATLON SPRINT e PROBA POPULAR ABERTA REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Ferrol
Email: triatlónferrol@gmail.com
Persoa de contacto: Juan Luis Pedrosa
Teléfono: 606 696 249
Federación Galega de Triatlón

Patrocina:

Concello de Ferrol - Concellería de Deportes
Deputación da Coruña

Colaboran:

Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao
Policía Local
Protección Civil
Secretaría Xeral para o Deporte

Datas e horarios das carreiras:

Sábado, 3 de setembro de 2022
16:00 h. Saída proba popular
17:30 h. Saída proba masculina
18:45 h. Saída proba feminina

Entrega Premios ás 20:15 h.

Distancia:

Sprint: 750 m de natación (1v)– 20 km en bicicleta (4v) – 5 km de carreira a pé (3v)

Categorías:

Cpto Galego.- Absoluta, Sub23, Junior e Veteranos 1,2,3
Popular-Absoluta, xuvenil, Junior e veterana

Inscricións:

Ata o martes día 30 de agosto de 2022

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscripcións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Prezo: 20 € (xuvenís gratuíta)

CAMPIONATO GALEGO

Só deportistas con clasificación establecida regulamentari ou invitados de acordo ao aprobado en Comisión Delegada de 11 de xullo.- [Consultar de distribución de prazas e procedementos](#)

Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

Deportistas individuais.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

PROBA POPULAR SPRINT

Deportistas/clubs con licenza federativa en vigor.-

Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

Clubs.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas con licenza federada de Ciclismo en Galicia.- Licenza Temporal de 1 día: Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [Competicións/inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. (Custe licenza de 1 día de 2,20 €+ 20 € Inscrición) Total ingreso 22,20€ (para que a inscrición sexa válida, imprescindible enviar a copia do DNI en vigor á Federación a través da plataforma de inscricións (fegatri@hotmail.com))

Licenzas temporais de 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase [Competicións/inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. (Custe licenza de 1 día de 12 €+ 20 € Inscrición) Total ingreso 32 € (*juvenís só 6 euros de licenza de un día menores) , (para que a inscrición sexa válida, imprescindible enviar a copia do DNI en vigor á Federación (fegatri@hotmail.com))

Publicación lista de inscritos:

Publicación da lista provisional: rematado o prazo de inscrición ou o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na lista se dea algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar esta lista para ter opción a reclamar se hai algún erro nela. Publicación da lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios). –

CRONOMETRAXE con Chip amarelo en propiedade ou aluguer:

Haberá cronometraxe championchip. Será **obligatorio o uso do chip amarelo Championchip**, os/as participantes que non teñan en propiedade o chip amarelo deberán indicalo no apartado correspondente da inscrición e aboarán unha fianza de 25 € pagando a través do TPV Serán devoltos 23€ (2€ de aluguer), comprobada a devolución do mesmo, na semana seguinte á proba na mesma tarxeta. **Non se disporá de chips de aluguer o día da proba**

Saída, transición e meta:

Peirao de curuxeiras, Porto de Ferrol.

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización ao carón da transición dende as 14:45 h

Control de material:

Proba Popular: 15:00 a 15:50

Campionato galego masculino: 16:30 a 17:20h.

Campionato galego feminino: a 17:45h a 18:35 h.

Premios: Trofeos/medalla para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría establecida, tanto na popular coma no campionato galego.

- Premios económicos das probas individuais de Campionato Galego* :
 - 1º clasificados masculino e feminina 150,00 €
 - 2º clasificados masculino e feminina 100,00 €
 - 3º clasificados masculino e feminina 50,00 €
 - Primeiros clubs masculino e feminino 200,00 €

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15% en concepto de I.R.P.F.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono" Exención COVID-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar a delegado técnico ou xuíz árbitro.

Normas de competición

A proba rexeráse polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Triatlón e contemplará o protocolo preventivo COVID19 vixente da FEGATRI no momento da celebración da proba.

Regulamentos 2022 FETRI/FEGATRI
<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Protocolo Preventivo COVID 19 FEGATRI
<https://fegatri.org/covid-19/>

Normativa Xeral COVID-19

Seguiranse as directrices establecidas no protocolo FISICOVID-DXT da Federación Galega de Triatlón de aplicación á proba vixente no momento do seu desenvolvemento así como as directrices establecidas polas autoridades sanitarias. Será de obrigado cumprimento para deportistas e resto de persoas involucradas no desenvolvemento da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersoal de 1,5 m
- Recomendación de uso de máscara en espazos interiores ou en caso de aglomeracións
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

No caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID-19 no entorno da proba, seguiranse as directrices vixentes establecidas polas autoridades sanitarias.

Acreditación e Recollida de Dorsais

Poderán establecerse tramos horarios de recollida ordenados por dorsal, que serán publicados na reunión técnica online, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.

Procedemento de saídas:

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas seguindo as instrucións dos oficiais e persoal de organización.

Control de Material.- Obrigatorio identificarse con DNI ou documento oficial con foto (descarga dixital de carné galego a disposición no perfil de cada deportista)

Deberá accederse con todos os dorsais colocados, caso posto e abrochado e bicicleta regulamentaria para probas de estrada (na popular poderá autorizarse bicicleta BTT incluída no regulamento FETRI, non se permite ciclocros/cicloturismo ou mixta, previa solicitude a fegatri@hotmail.com e revisión por Xuíz Árbitro/a da proba)

Chegada a meta: Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos meta, pasarán a avituallarse e saír da zona de pos meta para ir recoller a súa bicicleta e equipamento. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

Avituallamento: Avituallamento líquido e sólido na zona de pos meta. Procedemento de avituallamento segundo se recolle no protocolo FISICOID-DXT.

O dereito da propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982 do 5 de Maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar ademais da propia imaxe, e na Lei 3/2018 do 5 de Decembro sobre Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Coa formalización da inscrición, aceptase a publicación de imaxes dos/as participantes tomadas durante a competición para a difusión da actividade deportiva nas redes sociais da organización Triatlón Ferrol, Fegatri e envío aos medios de comunicación. Comprometéndose a retirada de calquera fotografía ou vídeo de acceso público na maior brevidade posible, se algunha persoa fotografada o solicitara por escrito e acompañado da fotocopia do DNI ou documento equivalente acreditativo a triatlonferrol@gmail.com.